

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 30 de xuño de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública a memoria valorada da obra de emerxencia do desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os puntos quilométricos (pp.qq.) 17+650 e 18+470, de clave LU/22/071.02.

Antecedentes.

A Axencia Galega de Infraestruturas tivo que realizar diversas actuacións de emerxencia a raíz do colapso acaecido no p.q. 18+300 da estrada LU-651 (Quiroga-Folgozo do Courel) o pasado 20 de marzo de 2022, por mor do afundimento do terreo sobre o que se asentaba a estrada debido ao derrubamento de varias galerías da explotación mineira de A Campa.

Debido ao exposto, por resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 30 de xuño de 2022 aprobouse provisionalmente a memoria valorada da obra de emerxencia do desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os pp.qq. 17+650 e 18+470, de clave LU/22/071.02, no concello de Folgozo do Courel (Lugo).

Considerando todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública durante quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra referida, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa para a execución do proxecto do desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico na LU-651 entre os pp.qq. 17+650 e 18+470, de clave LU/22/071.02

A documentación á que se refire este anuncio estará exposta ao público, en días e horas hábiles de oficina, nos locais desta Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Lugo (rolda da Muralla, nº 70, 27071 Lugo) e no Concello de Folgozo do Courel (praza Manuel Fraga Iribarne, s/n, 27325 Folgozo do Courel, Lugo). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudos-proxectos>), atópase a disposición dos interesados o documento completo da memoria valorada da obra de emerxencia para á súa consulta.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2022

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Memoria valorada da obra de emerxencia: desvío provisional para restablecer temporalmente o tráfico
na LU-651 entre os pp.qq. 17+650 e 18+470.
Clave LU/22/071.02

Concello de Folgoso do Courel.

Nº de orde	Ref. catastral	Medida (m ²)	Titular	DNI	Porcentaxe	Sup. total (m ²)	Expropiación (m ²)	Uso/cultivo	Bens afectados
27.0017-0001	27017A036001990000BX	23,81	Descoñecido		100	2.304	23,81	Agrario/PD prado	1 árbore mad. autóctono
27.0017-0002	27017A036001950000BO	456,16	Sánchez López, Telesforo (herdeiros de)	***5892**	100	979	456,16	Agrario/MT matogueira	- 4 árbore mad. industrial - 34 árbore mad. autóctono
27.0017-0003	27017A036010000000BL	0,00	López Touzón, María Dorigen	***6288**	16,3	67.016	7.106,56	Agrario/FC souto	- 88 árbore mad. Industrial - 533 árbore mad. autóctono
			Visuña Arza, José	***0977**	11,32				
			Visuña González, José (herdeiros de)	***0975**	32,65				
			Rodríguez López, Dositeo	***1404**	3,06				
			Rodríguez López, José Raúl	***1404**	3,06				
			Rodríguez González, Carmen	*****	2,04				
			Rodríguez González, Pura	*****	2,04				
			López Rivas, María Nieves	***5413**	1,53				
			Rodríguez Visuña, Isabel	***6118**	13,21				
			Quiroga Quiroga, María Montserrat (herdeiros de)	***2991**	4,08				
			Río Barreiro, Carmen	***5758**	2,04				
			López Rivas, José Manuel	***1154**	1,53				
			López Rivas, Arturo	***1403**	1,53				
			López Rivas, María Ángeles	***1909**	1,53				
			López González, María Argentina	***3895**	1,02				
López González, José Luis	***1403**	1,02							
Rodríguez González Albino (herdeiros de)	***9111**	2,04							
		5.483	Monte Vecinal en Mano Común de Santa Eufemia	***1347**	100	44.147	5.483,20	Agrario/MT matogueira	